

RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE OUTUBRO DE 2015, POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE EQUIVALENCIA DE TÍTULOS ESTRANXEIROS DE EDUCACIÓN SUPERIOR AO NIVEL ACADÉMICO DE DOUTOR.

O Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, *polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado*, establece, na súa Disposición adicional quinta, *Equivalencia ao nivel académico de Doutor*, que ás Universidades correspóndelles a declaración de equivalencia dos títulos estranxeiros de educación superior ao nivel académico de Doutor e a extensión do correspondente certificado que así o acredite.

Igualmente, a mesma disposición indica que as normas estatutarias das Universidades determinarán o órgano competente para declarar a equivalencia así como o procedemento para a súa obtención.

Polo exposto, resolvo:

PRIMEIRO. DECLARACIÓN DE EQUIVALENCIA

A Universidade da Coruña declarará a equivalencia dos títulos estranxeiros de educación superior ao nivel académico de Doutor, conforme á habilitación legal do Real Decreto 967/2014, de acordo co procedemento recollido nesta resolución.

SEGUNDO. TÍTULOS EXCLUÍDOS

Títulos estranxeiros excluídos da declaración de equivalencia:

- a. Os que carezan de validez académica oficial no país de orixe.
- b. Os correspondentes a estudos estranxeiros realizados total ou parcialmente en centros situados en España, cando os citados centros carezan da preceptiva autorización para impartir tales ensinanzas, ou ben cando as ensinanzas conducentes á obtención do título estranxeiro non estivesen efectivamente implantadas na Universidade ou institución de educación superior estranxeira que houberse expedido o título, de acordo co previsto no artigo 86.3 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro.
- c. Os que foran homologados con anterioridade en España, ou cando os estudos superados para a súa obtención foran obxecto de validación para continuar estudos en España.
- d. Os que fosen xa declarados equivalentes por outra Universidade española.
- e. Os que correspondan a liñas de investigación non desenvolvidas polos Programas de Doutoramento da Universidade da Coruña.

TERCEIRO. PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE EQUIVALENCIA DE TÍTULOS ESTRANXEIROS DE EDUCACIÓN SUPERIOR AO NIVEL ACADÉMICO DE DOUTOR.

1.- INICIACIÓN

1.1. O procedemento para a declaración de equivalencia iniciarase a petición da persoa interesada, que presentará a súa solicitude acompañada dos seguintes documentos, sen prexuízo da documentación complementaria que se determine, segundo o caso concreto:

- a. Copia compulsada do documento que acredite a identidade e nacionalidade do solicitante, expedido polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia, ou polas autoridades españolas competentes en materia de estranxeiría.

No caso dos cidadáns españois, e de estranxeiros de países pertencentes á UE, fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

Os cidadáns estranxeiros de países non pertencentes á UE, entregarán fotocopia compulsada do seu pasaporte.

- b. Copia compulsada do título cuxa declaración de equivalencia se solicita, ou da certificación acreditativa da súa expedición.
- c. Copia compulsada dos títulos que deron acceso ao doutoramento (licenciaturas, graos, máster, etc) así como das certificacións académicas dos estudos realizados polo solicitante, nas que deberán constar, como mínimo, a duración oficial en anos académicos dos estudos seguidos, as materias cursadas coas súas cualificacións e a carga horaria de cada unha delas.
- d. Memoria explicativa, asinada polo solicitante, da tese realizada, redactada en castelán (sen prexuízo de poder ser presentada ademais en galego) con indicación dos membros do xurado e da cualificación, así como un exemplar desta.
- e. Relación das publicacións ás que dese lugar a tese de doutoramento.
- f. Escrito indicando o Programa de Doutoramento polo que se desexa que sexa avaliada a tese. Só serán admitidas as solicitudes de declaración de equivalencia ao nivel académico de Doutor, que correspondan a liñas de investigación desenvolvidas nos Programas de Doutoramento da Universidade da Coruña.
- g. Declaración responsable de que o título non foi obxecto de homologación con anterioridade noutra Universidade en España, de que fose xa declarado equivalente por outra Universidade española, e de que os estudos superados para a súa obtención non foron obxecto de validación para continuar estudos en España.
- h. Documento acreditativo de ter realizado o aboamento das taxas establecidas.

1.2. Os documentos que sirvan de base á petición deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a. Ser oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes, de acordo co ordenamento xurídico do país de que se trate.
- b. Deberán presentarse legalizados por vía diplomática ou, no seu caso, mediante a Apostila do Convenio da Haya. Este requisito non se esixirá aos documentos expedidos polas autoridades dos estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
- c. Deberán ir acompañados, no seu caso, da súa correspondente tradución oficial ao castelán, sen prexuízo de poder ser presentada ademais en galego. Non será necesario incluír tradución oficial do exemplar da tese doutoral, nin dos documentos complementarios que requira o órgano instructor.

1.3. Sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o interesado presentará a súa solicitude, dirixida ao Reitor, no Rexistro Auxiliar da Sección de Estudos de Doutoramento.

Con carácter xeral, non se achegarán documentos orixinais a estes procedementos, agás cando poidan requirirse en aplicación da norma segunda.

1.4. Non procederá a devolución aos interesados de ningunha documentación achegada unha vez finalizado o procedemento, salvo nos casos excepcionais en que se trate de documentos orixinais e resulte posible e procedente esa devolución. No seu caso, antes da devolución ao interesado, o órgano encargado da tramitación fará copia de cada unha das acreditacións ou títulos que se arquivarán no expediente e incluírá unha relación certificada que inclúa todos os documentos devoltos.

1.5. En caso de dúbida sobre a autenticidade, validez ou contido dos documentos achegados, o órgano instrutor poderá efectuar as dilixencias necesarias para a súa comprobación, así como dirixirse á autoridade competente expedidora destes para validar os extremos dubidosos.

2.- TRAMITACIÓN

2.1. Recibida a solicitude, a Sección de Estudos de Doutoramento asegurarse de que a documentación cumpre os requisitos formais necesarios. De non ser así, requiriralle ao interesado a mellora da súa solicitude dándolle un prazo de 10 días hábiles para emendar os defectos ou presentar nova documentación. Este prazo poderá ser obxecto de ampliación a petición do interesado antes da súa finalización.

No caso de que o interesado non cumprimente o requirimento, ditarase resolución reitoral de non admisión a trámite.

2.2. A Sección de Estudos de Doutoramento, nun prazo máximo de 15 días que empezará a contar dende a presentación da solicitude, ou da súa emenda, nese caso, enviará á Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento (CPEID) da Universidade, as solicitudes que reúnen todos os requisitos establecidos, para que emita un informe para o Reitor (anexo I). O informe terá en todo caso carácter preceptivo e non vinculante.

Así mesmo, a CPEID, no seu caso, poderá recadar mediante petición razoada, a través da Sección de Estudos de Doutoramento, documentación complementaria da persoa interesada.

2.3. O informe da CPEID emitirase antes de dous meses, agás por paralización de trámites imputable á persoa interesada. Este informe deberá ter en conta, entre outros, os criterios xerais establecidos e, en concreto:

- a. A validez académica oficial no país de orixe.
- b. A correspondencia entre os niveis académicos requiridos para o acceso aos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e para o acceso ao título español.
- c. A duración e carga horaria do período de formación necesario para a obtención do título estranxeiro cuxa declaración de equivalencia se solicita.
- d. A correspondencia entre os niveis académicos do título estranxeiro e do título español ao que se solicita a declaración de equivalencia.
- e. Os contidos formativos superados para a obtención do título estranxeiro.

Así mesmo, a CPEID poderá, para realizar o informe, solicitar o asesoramento dos especialistas que considere necesarios, ou pedir informes a outras administracións ou embaixadas ou consulados.

2.4. Os informes técnicos emitidos poderán servir de precedente para posteriores informes, sempre que se refira a casos idénticos e así o acorde a CPEID. Neste caso poderá elevarse a proposta de resolución sen necesidade de emitir un novo informe técnico específico.

3.- RESOLUCIÓN

3.1. Á vista da documentación e dos informes, o Reitor ditará a correspondente resolución favorable ou desfavorable (anexos II e II bis) á solicitude presentada. Mediante a resolución reitoral declararase, no seu caso, a equivalencia ao nivel académico de Doutor. Nesta farase constar o literal do título estranxeiro e da Universidade de procedencia.

3.2. No caso de obterse resolución favorable e antes da emisión do certificado de declaración de equivalencia, a Universidade, a través da Sección de Títulos do Servizo de Organización Académica, comunicará a dita resolución á Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para os efectos de inscrición da declaración de equivalencia na sección especial do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais. Da mesma maneira se inscribirá na Sección Especial do Rexistro de Titulados da Universidade.

Para isto a Sección de Estudos de Doutoramento remitirá á Sección de Títulos a seguinte documentación cotexada:

- a. Copia do documento que acredite a identidade e nacionalidade do solicitante, que entregou coa solicitude.
- b. Copia de Resolución reitoral pola que se declara a equivalencia ao nivel académico de Doutor.
- c. Copia do título estranxeiro do que se solicita a equivalencia ou da certificación acreditativa da súa expedición.

3.3. No caso de obterse resolución desfavorable, a Sección de Estudos de Doutoramento notificará ao solicitante a resolución reitoral recaída sobre a súa solicitude (anexo II bis) e non trasladará ningunha actuación ante a Sección de Títulos.

4.- CERTIFICADO

4.1. Recibida a documentación indicada no apartado 3.2 deste procedemento, expedirase o correspondente certificado polo Secretario Xeral da Universidade en soporte de seguridade de acordo co procedemento establecido.

4.2. O certificado expedirase conforme ao modelo que se achega como anexo III.

5.- REXISTRO

Para os efectos do seu rexistro e asignación do número de rexistro universitario, inscribirase na Sección Especial do Rexistro de Titulados da Universidade, para o que se creará a correspondente aplicación informática. O número de rexistro universitario estará composto por nove díxitos, precedidos pola letra "D", dos que os catro primeiros corresponderán ao ano de expedición.

6.- DURACIÓN DO PROCEDEMENTO

O prazo máximo para ditar Resolución será de 6 meses a contar desde a data na que se presentase a solicitude de declaración de equivalencia ou da súa emenda, no seu caso, conforme ao establecido no punto primeiro deste procedemento.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

7.- SOLICITUDES PRESENTADAS CON ANTERIORIDAD A LA RESOLUCIÓN RECTORAL DE 07/10/2015

Todas aquellas solicitudes de declaración de equivalencia que fuesen presentadas a partir del día 23/11/2014, fecha de entrada en vigor del Real Decreto 967/2014, de 11 de noviembre, se tramitarán siguiendo el procedimiento establecido en la presente Resolución Rectoral.

A Coruña, 7 de octubre de 2015

E Rector,

Xosé Luís Armesto Barbeito

ANEXO I (*Galego*)**INFORME DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO EN EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE EQUIVALENCIA DE TÍTULOS ESTRANXEIROS DE EDUCACIÓN SUPERIOR AO NIVEL ACADÉMICO DE DOUTOR.**

D./Dna.Secretario/a da Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento (CPEID),

Vistos os antecedentes que figuran na Sección de Estudos de Doutoramento, correspondentes ao expediente de solicitude de equivalencia ao nivel académico de Doutor de:

D./Dna., con Documento Nacional de Identidade, nº.....

Pasaporte, nº

Natural de

Nado/a o díade.....de....., de nacionalidade.....

En posesión do título estranxeiro de educación superior de (*idioma e denominación orixinal*)....., expedido por (*Universidade / Centro de educación superior na súa denominación orixinal*).....de(*país*).

Atendendo á documentación que consta no citado expediente,

Fai constar que, **a CPEID emite o informe** que consta a continuación, de acordo co disposto no punto 2 da RR do 07/10/2015, pola que se regula o procedemento de declaración de equivalencia de títulos estranxeiros de educación superior ao nivel académico de Doutor, con base nos seguintes criterios:

- a. A validez académica oficial no país de orixe.
- b. A correspondencia entre os niveis académicos requiridos para o acceso aos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e para o acceso ao título español.
- c. A duración e carga horaria do período de formación necesario para a obtención do título estranxeiro cuxa declaración de equivalencia se solicita.
- d. A correspondencia entre os niveis académicos do título estranxeiro e do título español ao que se solicita a declaración de equivalencia.
- e. Os contidos formativos superados para a obtención do título estranxeiro.

(*Outros...*)

INFORME:

Como conclusión do mesmo emítese proposta:

(-Favorable á declaración de equivalencia do seu título estranxeiro ao nivel académico de Doutor

-Desfavorable á declaración de equivalencia do seu título estranxeiro ao nivel académico de Doutor)

A Coruña, a

O SECRETARIO DA CPEID

Vº e Prace, O PRESIDENTE DA CPEID

Asdo.....

Asdo.....

ANEXO I (*Castellano*)**INFORME DE LA COMISIÓN PERMANENTE DE LA ESCUELA INTERNACIONAL DE DOCTORADO EN EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE EQUIVALENCIA DE TÍTULOS EXTRANJEROS DE EDUCACIÓN SUPERIOR AL NIVEL ACADÉMICO DE DOCTOR.**

D./Dña.Secretario/a de la Comisión Permanente de la Escuela Internacional de Doctorado (CPEID),

Vistos los antecedentes que figuran en la Sección de Estudios de Doctorado, correspondientes al expediente de solicitud de equivalencia al nivel académico de Doctor de:

D./Dña., con Documento Nacional de Identidad, nº.....

Pasaporte, nº

Natural de

Nacido/a el día.....de.....de....., de nacionalidad.....

En posesión del título extranjero de educación superior de (*idioma y denominación original*)....., expedido por (*Universidad / Centro de educación superior en su denominación original*).....de(*país*).

Atendiendo a la documentación que consta en el citado expediente,

Hace constar que, **la CPEID emite el informe** que consta a continuación de acuerdo con lo dispuesto en el punto 2 de la RR de 07/10/2015, por la que se regula el procedimiento de declaración de equivalencia de títulos extranjeros de educación superior al nivel académico de Doctor, con base en los siguientes criterios:

- a. La validez académica oficial en el país de origen.
- b. La correspondencia entre los niveles académicos requeridos para el acceso a los estudios conducentes a la obtención del título extranjero y para el acceso al título español.
- c. La duración y carga horaria del período de formación necesario para la obtención del título extranjero cuya declaración de equivalencia se solicita.
- d. La correspondencia entre los niveles académicos del título extranjero y del título español al que se solicita la declaración de equivalencia.
- e. Los contenidos formativos superados para la obtención del título extranjero.

(*Otros...*)

INFORME:

Como conclusión del mismo se emite propuesta:

(-Favorable a la declaración de equivalencia de su título extranjero al nivel académico de Doctor

-Desfavorable a la declaración de equivalencia de su título extranjero al nivel académico de Doctor)

A Coruña, a

EL SECRETARIO DE LA CPEID

Vº Bº, EL PRESIDENTE DE LA CPEID

Fdo.....

Fdo.....

ANEXO II

RESOLUCIÓN DO REITOR *(Favorable-galego)*

De conformidade co disposto no Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado (BOE do 22 de novembro), e visto o informe emitido pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento, con data do, o Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, **resolve:**

Que o título de:

(Nome do título en idioma orixinal)

obtido por

(Nome e apelidos)

Nado/a o *(data de nacemento)* de nacionalidade *(.....)*, expedido pola *(universidade ou centro de educación superior)*, de *(localidade e país)*, **sexo declarado equivalente ao nivel académico de Doutor.**

Esta equivalencia non implica, en ningún caso, a homologación, declaración de equivalencia ou recoñecemento doutro ou doutros títulos estranxeiros dos que estea en posesión o/a interesado/a, nin o recoñecemento en España a nivel distinto ao de Doutor.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa e de conformidade co disposto no artigo 115.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, pódese interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que contan a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou potestativamente un recurso de reposición perante o Reitor no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da recepción da presente resolución, sen prexuízo de poder interpor calquera outro recurso que estimar procedente.

A Coruña,de de

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito

RESOLUCIÓN DEL RECTOR *(Favorable-castellano)*

De conformidad con lo dispuesto en el Real Decreto 967/2014, de 21 de noviembre, por el que se establecen los requisitos y el procedimiento para la homologación y declaración de equivalencia a titulación y a nivel académico universitario oficial y para la convalidación de estudios extranjeros de educación superior, y el procedimiento para determinar la correspondencia a los niveles del marco español de cualificaciones para la educación superior de los títulos oficiales de Arquitecto, Ingeniero, Licenciado, Arquitecto Técnico, Ingeniero Técnico y Diplomado (BOE de 22 de noviembre), y visto el informe emitido por la Comisión Permanente de la Escuela Internacional de Doctorado, con fecha de, el Rector Magnífico de la Universidad de A Coruña, **resuelve:**

Que el título de:

(Nombre del título en idioma original)

obtenido por

(Nombre y apellidos)

Nacido/a el *(fecha de nacimiento)*, de nacionalidad *(.....)*, expedido por la *(universidad o centro de educación superior)* de *(localidad y país)* **sea declarado equivalente al nivel académico de Doctor.**

Esta equivalencia no implica, en ningún caso, la homologación, declaración de equivalencia o reconocimiento de otro u otros títulos extranjeros de los que esté en posesión el/la interesado/a, ni el reconocimiento en España a nivel distinto al de Doctor.

Contra la presente resolución que agota la vía administrativa y de conformidad con lo dispuesto en el artículo 115.3 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, en su redacción dada por la Ley 4/1999, de 13 de enero, se puede interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que cuentan a partir del día siguiente al de su notificación, de conformidad con lo establecido en el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa, o potestativamente un recurso de reposición ante el Rector en el plazo de un mes, que se contará a partir del día siguiente al de la recepción de la presente resolución, sin perjuicio de poder interponer cualquier otro recurso que se estime procedente.

A Coruña,de de

El rector

Xosé Luís Armesto Barbeito

ANEXO II (BIS)**RESOLUCIÓN DO REITOR** *(Desfavorable-galego)*

De conformidade co disposto no Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado (BOE do 22 de novembro), e visto o informe emitido pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento, con data do, o Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, **resolve:**

Non declarar a equivalencia ao nivel académico de Doutor do título de:

(Nome do título en idioma orixinal)

obtido por

(Nome e apelidos)

Nado/a o *(data de nacemento)* de nacionalidade (.....), expedido pola *(universidade ou centro de educación superior)*, de *(localidade e país)*.

Polos seguintes motivos:

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa e de conformidade co disposto no artigo 115.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, pódese interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que contan a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou potestativamente un recurso de reposición perante o Reitor no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da recepción da presente resolución, sen prexuízo de poder interpor calquera outro recurso que estimar procedente.

Non obstante o/a interesado/a poderá iniciar un novo expediente nunha Universidade española distinta.

A Coruña,de de

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito

RESOLUCIÓN DEL RECTOR *(Desfavorable-castellano)*

De conformidad con lo dispuesto en el Real Decreto 967/2014, de 21 de noviembre, por el que se establecen los requisitos y el procedimiento para la homologación y declaración de equivalencia a titulación y a nivel académico universitario oficial y para la convalidación de estudios extranjeros de educación superior, y el procedimiento para determinar la correspondencia a los niveles del marco español de cualificaciones para la educación superior de los títulos oficiales de Arquitecto, Ingeniero, Licenciado, Arquitecto Técnico, Ingeniero Técnico y Diplomado (BOE de 22 de noviembre), y visto el informe emitido por la Comisión Permanente de la Escuela Internacional de Doctorado, con fecha de, el Rector Magnífico de la Universidad de A Coruña, **resuelve:**

No declarar la equivalencia al nivel académico de Doctor del título de:

(Nombre del título en idioma original)

obtenido por

(Nombre y apellidos)

Nacido/a el *(fecha de nacimiento)*, de nacionalidad *(.....)*, expedido por la *(universidad o centro de educación superior)* de *(localidad y país)*.

Por los siguientes motivos:

Contra la presente resolución que agota la vía administrativa y de conformidad con lo dispuesto en el artículo 115.3 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, en su redacción dada por la Ley 4/1999, de 13 de enero, se puede interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que cuentan a partir del día siguiente al de su notificación, de conformidad con lo establecido en el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa, o potestativamente un recurso de reposición ante el Rector en el plazo de un mes, que se contará a partir del día siguiente al de la recepción de la presente resolución, sin perjuicio de poder interponer cualquier otro recurso que se estime procedente.

No obstante el/la interesado/a podrá iniciar un nuevo expediente en una Universidad española distinta.

A Coruña,de de

El rector

Xosé Luís Armesto Barbeito

ANEXO III (Galego)

CERTIFICADO DE DECLARACIÓN DE EQUIVALENCIA

D./Dna. Secretario/a Xeral da Universidade da Coruña, actuando de conformidade co establecido no apartado 3 da Disposición adicional quinta, do Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado (BOE do 22 de novembro), e de acordo co disposto no apartado 4.4.1 da Resolución Reitoral do 07/10/2015, pola que se regula o procedemento de declaración de equivalencia de títulos estranxeiros de educación superior ao nivel académico de Doutor, e unha vez trasladada a debida comunicación á Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións, do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes aos efectos da súa inscrición,

CERTIFICO QUE:

Por Resolución Reitoral de (data)....., recaída sobre a solicitude formulada por D./Dna., con DNI/ pasaporte nº, foille concedida a declaración de equivalencia ao nivel académico de Doutor, ao título de expedido por (Universidade/Centro de estudos superiores).....de (país) do que está en posesión o/a interesado/a.

Esta equivalencia non implica, en ningún caso, a homologación, declaración de equivalencia ou recoñecemento doutro ou doutros títulos estranxeiros dos que estea en posesión o/a interesado/a, nin o recoñecemento en España a nivel distinto ao de Doutor.

A Coruña

Nº Rexistro nacional de titulados universitarios oficiais:

Nº Rexistro de titulados da UDC:

ANEXO III (Castellano)**CERTIFICADO DE DECLARACIÓN DE EQUIVALENCIA**

D./Dña. Secretario/a General de la Universidad de A Coruña, actuando de conformidad con lo establecido en el apartado 3 de la Disposición adicional quinta, del Real Decreto 967/2014, de 21 de noviembre, por el que se establecen los requisitos y el procedimiento para la homologación y la declaración de equivalencia a titulación y a nivel académico universitario oficial y para la convalidación de estudios extranjeros de educación superior, y el procedimiento para determinar la correspondencia a los niveles del marco español de cualificaciones para la educación superior de los títulos oficiales de Arquitecto, Ingeniero, Licenciado, Arquitecto Técnico, Ingeniero Técnico y Diplomado (BOE do 22 de noviembre), y de acuerdo con lo dispuesto en el apartado 4.4.1 de la Resolución Rectoral de 07/10/2015, por la que se regula el procedimiento de declaración de equivalencia de títulos extranjeros de educación superior al nivel académico de Doctor, y una vez trasladada la debida comunicación a la Subdirección General de Títulos y Reconocimiento de Cualificaciones, del Ministerio de Educación, Cultura y Deportes a los efectos de su inscripción,

CERTIFICO QUE:

Por Resolución Rectoral de *(fecha)*....., recaída sobre la solicitud formulada por D./Dña., con DNI/ pasaporte nº, le ha sido concedida la declaración de equivalencia al nivel académico de Doctor, al título de expedido por *(Universidad/Centro de estudios superiores)*.....de *(país)* del que está en posesión el/la interesado/a.

Esta equivalencia no implica, en ningún caso, la homologación, declaración de equivalencia o reconocimiento de otro u otros títulos extranjeros de los que esté en posesión el/la interesado/a, ni el reconocimiento en España a nivel distinto al de Doctor.

A Coruña

Nº Registro nacional de titulados universitarios oficiales:

Nº Registro de titulados de la UDC: